



#POLAFAMILIA

Subsidio litúrxico cada martes para a celebración da Eucaristía

DELEGACIÓN DE PASTORAL FAMILIAR DA DIOCESE DE LUGO

XXIX MARTES DO TEMPO ORDINARIO

MONICIÓN DE ENTRADA

Existe un vínculo estreito entre a esperanza dun pobo e a harmonía entre as xeracións. A alegría dos fillos estremece o corazón dos pais e volve abrir o futuro. Os fillos son a alegría da familia e da sociedade. Presentamos hoxe, ao Señor, dunha forma especial aos fillos.

ORACIÓN DOS FIEIS

Oremos a Deus, noso Pai, que nos recibiu coma os seus fillos polo bautismo.

- Pola Igrexa, pobo de bautizados; para que proclame ante o mundo as marabillas de Deus que nos levou das tebras a súa luz admirable. **Roguemos ó Señor.**
- Pola paz, a xustiza e a solidariedade entre os homes e os seus pobos; para que Cristo, o Elixido de Deus para levar o dereito ás nacións, ilumine ós que buscan a Deus con sinceridade de corazón. **Roguemos ó Señor.**
- Polos fillos: para que non teñan medo ante os compromisos e soños, aprendan a ocuparse da súa familia, maduren ó compartir os seus sacrificios e crezan no recoñecemento dos seus dons. **Roguemos ó Señor.**
- Por todos nós, rexenerados pola Auga e o Espírito; para que Xesús, o Fillo amado nos faga descubrir e amar a grandeza do bautismo. **Roguemos ó Señor.**

Escoita, Señor, as súplicas que che presenta o teu pobo. Polo noso Señor Xesucristo.

ACCIÓN DE GRAZAS

Señor: regaláchesnos o don dos fillos, que son o futuro das nosas familias e o presente da nosa comunidade parroquial. Ensínanos a crecer cada día no amor cara a eles, que reflicten a túa tenrura paternal cara nós. Agradecemosche por cada fillo que abre os seus ollos á luz deste mundo e á luz da fe. Grazas, Señor, polos fillos!